

PERSOA SOLICITANTE

Don / dona con D.N.I./N.I.E.
En nome e representación de
Razón social con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Que non esta incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria.
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.
- Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base segunda da convocatoria.
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, así como o padrón de habitantes se é o caso.

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade das axudas CONSOLIDA-Cambre 2021 (base novena).

Cambre, ____ de _____ de 2021

Asdo,

ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsedade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.